

CONTRA O
PARO XUVENIL E
A PRECARIÉDASE
TRABALLO DIGNO
E NA TERRA!



10 de marzo,
Día da
Clase Obreira
Galega

GALIZA NOVA

www.galizanova.org

10 de marzo, Día da Clase Obreira Galega

Desde Galiza Nova, organización xuvenil do BNG, consideramos preocupante a situación laboral da mocidade en Galiza, caracterizada polas elevadas taxas de paro e precariedade laboral que se teñen elevado nos últimos meses a consecuencia da actual crise económica. Segundo a enquisa de poboación activa do terceiro trimestre do 2009, na Galiza son xa 32.000 as/os mozas e mozos paradas/os, o cal representa unha taxa de paro do 43.7% entre a mocidade de 16 a 19 anos e do 29.5% entre 20 e 24 anos. A isto hai que sumarlle as condicións de precariedade daquelas mozas e mozos empregados (temporalidade, baixos salarios...) ou a daquelas/es que tiveron e teñen que emigrar cada ano para acceder a un posto de traballo fóra da nosa nación, Galiza.

Esta problemática estrutural, produto do actual sistema económico capitalista e da situación de dependencia que sofre Galiza, vese agravada no actual contexto de crise económica, cunhas consecuencias, que ademais de afectar ao conxunto da clase traballadora, están golpeando de xeito especialmente duro á mocidade: incremento do paro, expedientes de regulación de emprego (ERE), propostas por parte da patronal para a reforma laboral destinadas ao abaratamento do despido e perda de dereitos. Con esta situación o futuro para a mocidade galega é incerto non só dende o punto de vista individual senón colectivo. Mentres, o Partido Popular na Xunta de Galiza, mira para outro lado e preocúpase de maquillar os datos sen poñer en marcha nin unha soa medida a nivel laboral para a mocidade neste ano de goberno e a nivel de Estado, o goberno central ameázanos cunha nova reforma laboral, que deteriorará aínda máis as condicións de traballo, ou co aumento da idade de xubilación. Medidas que o único que perseguen é facer recaer as consecuencias da crise sobre as clases populares.

Dende Galiza Nova consideramos vital para Galiza e o futuro da xente nova un cambio de rumbo nas actuais políticas sociais e económicas e por iso aproveitamos o 10 de marzo, día no que en 1972 a policía franquista asasinou a Amador e Daniel, dous traballadores dos estaleiros ferroláns, para reivindicalo. Mobilizacións como a das traballadoras e traballadores do metal ou na defensa dos servizos públicos galegos son o camiño a seguir. Súmate a nós contra o paro xuvenil e a precariedade. Loita por un traballo digno e na Terra!

Se quixeres máis información sobre as actividades ou sobre a liña política de Galiza Nova, cubre cos teus datos este cupón e envíao ao noso local nacional (Praza da Universidade, 5, 2.º, 15782, Santiago de Compostela) ou ao noso enderezo electrónico: nacional@galizanova.org.

NOME E APELIDOS:

CORREO-E:

MÓBIL:

IDADE:

ENDEREZO:

LOCALIDADE:

Recibir de balde o Mocidade

Recibir máis información sobre Galiza Nova

Recibir información para me afiliar